

En Verín, a 13 de novembro do 2018

Prezada/o amiga/o:

Tras constatar, nos últimos anos, o incesante devalo económico e social das comarcas do sueste d'Ourense: Viana do Bolo, Conso, As Frieiras e Monterrei, que ten producido umha perda alarmante de poboación, por falta de emprego e de opcións coas que manter umha vida digna nas nosas zonas, a CIG considera que é necesario dar un paso adiante, tanto por parte das Administracións Públicas, como dos axentes sociais e económicos que operamos nistes territorios, aínda que só sexa pra pormos en común as alternativas e ideas das que disponhamos dirixidas a frear umha dinámica que, inexorabelmente, nos conduce á irrelevancia.

Sabemos que retornar a situación descrita non está, exclusivamente, nas nosas maus, mais tamén estamos certos de que se, como vizinhos/as do sueste d'Ourense, non impulsamos, prememos, propomos e, mesmo, presionamos conxuntamente para que agromen isas oportunidades, nengúen o vai facer por nos.

Temos carencias estruturais comúns que non só son importantes para contar con algunha posibilidade de futuro, senón que son vitais mesmo para a propia existencia dos nosos concellos: o transporte público intercomarcal, a posta en valor e produción dos milheiros de hectáreas de monte que teñen ardido nos últimos anos, a coordinación das nosas administracións públicas para a procura conxunta de investimentos reais que non sexan, simplemente, campañas publicitarias ou de marketing, o establecemento de axudas ás iniciativas que xeren traballo para os vizinhos/as, non só para algúns vizinhos/as, etc.

Pois ben, pra falar distas cuestións e daquelas outras que sexan do teu interese, a centra sindical que represento convoca aos responsábeis dos Concelhos de Viana do Bolo, Vilarinho de Conso, A Gudinha, A Mezquita, O Rios, Vilardevós, Castrelo do Val, Verín, Oímbra, Laza, Monterrei e Cualedro, así como aos das Mancomunidades de Verín e Conso Frieiras, mais aos da AEVER e de cantas Asociacións de comerciantes, produtores/as, viticultores/as, labregos/as, hostaleiros/as, construtores/as, etc. queiran participar, a umha **XUNTANZA** que terá lugar o próximo **MÉRCORES DÍA 21 DE NOVIEMBRO ÁS 12.30 HORAS NO SALÓN DE PLENOS DO CONCELHO DE VERÍN co obxecto exposto.**

En consecuencia, gostaríamos contar coa túa presenza na xuntanza e que, ademais, ti mesmo/a convidaras a participar a aquelas entidades sociais, económicas e sindicais da túa zona que consideres que "representan algo". Non se trata de encher a xuntanza de siglas partidarias, senón de sensibilidades e necesidades sociais reais.

Agardando contar contigo, envíoches un saúdo.

Asdo. Manoel Anxo García Torres
Secretario de Organización da CIG de Ourense, Verín e Valdeorras